

## 2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

### INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números E1 e E110, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 150 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.  
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. En Atención Primaria, é un concepto facturable segundo o decreto de tarifas:**

- A) Consulta médica con probas complementarias.
- B) Consulta de hixienista dental.
- C) Intervención cirúrxica ambulatoria en centros de orientación familiar.
- D) Todas son correctas.

**2. O Decreto 292/2001 polo que se configura a categoría de médico de admisión e documentación clínica ten por obxecto:**

- A) A creación da categoría de persoal estatutario de médico de admisión e documentación clínica.
- B) A creación da categoría de técnico superior de admisión e documentación clínica.
- C) A creación da categoría de persoal do subgrupo A1 de admisión e documentación clínica.
- D) A creación da categoría de persoal funcionario de médico de admisión e documentación clínica.

**3. De acordo co Decreto 292/2001, do 8 de novembro, para acceder a unha praza de médico de admisión e documentación clínica é requisito imprescindible estar en posesión de:**

- A) Título de especialista en medicina familiar e comunitaria.
- B) Título de especialista en medicina preventiva e saúde pública.
- C) Título de licenciado en medicina e cirurxía.
- D) Doutoramento en medicina e cirurxía.

**4. Segundo o recollido no Real Decreto 69/2015, do 6 de febreiro, que regula o Rexistro de Actividade de Atención Sanitaria Especializada, os valores que admite a variable "Circunstancias da atención" son:**

- A) Programado, Non programado, Descoñecido.
- B) Programado, Non programado, Diferido.
- C) Programado, Non programado, Demorado.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**5. Atendendo á Instrución 7/2013, do 31 de xullo, na que se establecen os criterios de derivación de pacientes entre Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (actualmente, áreas sanitarias) do Servizo Galego de Saúde:**

- A) Os complexos hospitalarios de referencia de terceiro nivel son, como norma xeral, o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e o Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.
- B) A derivación de pacientes entre centros do Servizo Galego de Saúde quedará recollida no aplicativo informático SIGAP.
- C) Cando en virtude do desprazamento dun paciente a un centro de referencia para realizar unha técnica ou procedemento de xeito programado, sexa necesario a realización de probas protocolizadas previas, como norma xeral estas serán asumidas no centro de orixe.
- D) No caso excepcional de que exista discrepancia entre hospitais para a atención do paciente, a persoa titular da Dirección xeral de Asistencia Sanitaria resolverá e notificará por escrito a ambos centros a sistemática a seguir nun prazo máximo de 30 días.

**6. Sinale a afirmación correcta:**

- A) O transporte sanitario secundario é o que se realiza a nivel interhospitalario.
- B) O transporte sanitario público é o realizado mediante retribución económica por entidade autorizada para tal fin.
- C) O traslado por asistencia continuada non é unha prestación sanitaria obrigatoria.
- D) Todas as afirmacións son correctas.

**7. Os criterios, indicadores e requisitos mínimos, básicos e comúns en materia de información sobre listas de espera de consultas externas, probas diagnósticas/terapéuticas e intervencións cirúrxicas correspondentes aos centros e servizos do Sistema Nacional de Saúde establécense no:**

- A) Real Decreto 605/2003, do 23 de maio, polo que se establecen medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listas de espera no Sistema Nacional de Saúde.
- B) Decreto 104/2005, do 6 de maio, de garantía de tempos máximos de espera na atención sanitaria.
- C) Real Decreto 1039/2011, do 15 de xullo, polo que se establecen os criterios marco para garantir un tempo máximo de acceso ás prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- D) Orde do 19 de maio de 2003 pola que se normaliza o sistema de información e control da demanda de actividade programada de hospitalización, cirurxía e salas na rede de hospitais do Servizo Galego de Saúde.

**8. Cal dos seguintes elementos forma parte do equipamento mínimo de todas as clases de ambulancias?**

- A) Porta lateral corredía e acristalada no lado dereito e con chanzo de acceso practicable.
- B) Rampla ou sistema elevador para cadeira de rodas.
- C) Equipamento electróxico ou sistema alternativo de baterías.
- D) Todos forman parte do equipamento mínimo de todas as clases de ambulancias.

**9. En relación ás prestacións sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia sinale a afirmación correcta:**

- A) No eido sanitario a atención sociosanitaria só comprenderá os cuidados sanitarios de longa duración.
- B) A atención primaria incluírá no seu catálogo de servizos a rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable.
- C) A atención hospitalaria prestarase, sempre que as condicións do paciente o permitan, en consultas externas e en hospital de día.
- D) Todas son correctas.

**10. O conxunto mínimo básico de datos (CMBD):**

- A) É un conxunto de información mínima e básica sobre cada episodio asistencial de cada paciente.
- B) É o conxunto de información que se recolle ao ingreso hospitalario.
- C) A finalidade do CMBD é facer posible a análise dos procesos que se atenden en Atención Primaria.
- D) Consta exclusivamente de información sanitaria do paciente.

**11. Sinale a afirmación correcta en relación ao sistema de clasificación de pacientes ambulatorios ACG (Ambulatory Care Groups):**

- A) A unidade de análise é a visita.
- B) Os ADGs (Ambulatory Diagnostic Groups) son mutuamente excluíntes.
- C) Cada persoa é categorizada nun único ACG.
- D) Hai 12 MAC (Major Ambulatory Categories).

12. Segundo a Orde da Consellería de Sanidade do 19 de maio de 2003, a data que determina a antigüidade do paciente no rexistro de espera cirúrxico é:
- A) Data de prescrición.
  - B) Sempre a data de inclusión.
  - C) Calquera delas, xa que ambas son a mesma.
  - D) A data prevista de atención.
13. A xestión do Fondo de Cohesión Sanitaria está regulada polo:
- A) Real Decreto 1207/2006, do 20 de outubro.
  - B) Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro.
  - C) Real Decreto 1192/2012, do 3 de agosto.
  - D) Real Decreto 1277/2003, do 10 de outubro.
14. Na lei 41/2002 establécese, no seu capítulo II, o dereito de información sanitaria. Sinale a resposta falsa en relación á información asistencial.
- A) A información como regra xeral proporcionarase verbalmente.
  - B) Os pacientes teñen dereito a coñecer, con motivo de calquera actuación no ámbito da súa saúde, toda a información dispoñible sobre a mesma sen excepcións.
  - C) Toda persoa ten dereito a que se respecte a súa vontade de non ser informada.
  - D) A información clínica forma parte de todas as actuacións asistenciais, será verdadeira e comunicarse ao paciente de forma comprensible e adecuada ás súas necesidades.
15. Non é unha variable CMBD codificada de "circunstancia á alta":
- A) Traslado a outro hospital.
  - B) Traslado a un centro sociosanitario.
  - C) Destino a consultas externas.
  - D) Éxito.
16. O dereito dunha persoa a opoñerse ao tratamento dos seus datos persoais denomínase:
- A) Cancelación.
  - B) Olvido.
  - C) Oposición.
  - D) Borrado.
17. Sinale a afirmación incorrecta en relación aos sistemas de clasificación de pacientes (SCP):
- A) Xorden inicialmente no ámbito da hospitalización co desenvolvemento dos GRDs.
  - B) Permiten agrupar os diversos tipos de pacientes atendidos no sistema sanitario nun número máis reducido de grupos ou clases.
  - C) O elemento fundamental de cada sistema de clasificación de pacientes é a definición do criterio ou criterios de clasificación.
  - D) Son todos dependentes do diagnóstico médico.

**18. Sinale a resposta correcta sobre o "Índice de rotación":**

- A) Pódese calcular dividindo o total de ingresos nun período determinado entre o número de camas en funcionamento nese período.
- B) Un índice de rotación baixo indica subutilización.
- C) É un indicador de actividade asistencial.
- D) Todas as respostas son correctas.

**19. O documento de consentimento informado, ademais da información do procedemento diagnóstico ou terapéutico e sen prexuízo da posibilidade de achegar anexos e outros datos de carácter xeral, deberá de conter os seguintes datos mínimos:**

- A) Identificación do médico que informa.
- B) Identificación do centro.
- C) Consentimento do paciente ou do familiar, achegado ou representante legal que autoriza.
- D) Todas son correctas.

**20. Sinale a resposta falsa en relación ás funcións do médico de Admisión:**

- A) Partipar no plan de formación xeral do seu centro.
- B) Organizar e xestionar o transporte sanitario da institución sanitaria.
- C) Colaborar na recollida de datos para facturación.
- D) Organizar e xestionar o procedemento de programación da actividade asistencial con independencia das directrices dadas pola dirección do centro.

**21. En que sistema orgánico da CIE 10 ES se atopa a válvula aórtica?**

- A) Corazón e Grandes Vasos.
- B) Veas Superiores.
- C) Arterias Superiores.
- D) Rexións Anatómicas, Xeral.

**22. Non é un criterio de rexeitamento para ingresar en HADO (Hospitalización a Domicilio) unha das seguintes situacións:**

- A) Diagnóstico non establecido.
- B) Situación clínica inestable.
- C) Paciente que precise atención hospitalaria.
- D) Situación sociosanitaria inadecuada.

**23. A Dirección Xeral de Saúde Pública conta coas seguintes subdireccións:**

- A) Subdirección Xeral sobre Saúde e Epidemioloxía.
- B) Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables.
- C) Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información.
- D) Son correctas A e B.

**24. A área de codificación adoita estar composta maioritariamente por:**

- A) Técnicos superiores en documentación sanitaria.
- B) Técnicos auxiliares de informática.
- C) Celadores.
- D) Persoal de servizos xerais.

**25. Respecto aos códigos de diagnóstico de CIE 10 ES:**

- A) Un código final non pode ter 6 caracteres.
- B) Un código final pode ter de tres a sete caracteres.
- C) Todos os códigos están formados por sete caracteres.
- D) Todas as respostas anteriores son falsas.

**26. A Tarxeta Sanitaria Europea (TSE):**

- A) Está especialmente indicada para realizar desprazamentos que teñen a finalidade de recibir tratamento médico.
- B) Ten un prazo de validez de dous anos.
- C) O usuario da TSE sempre deberá asumir unha cantidade fixa ou unha porcentaxe dos gastos derivados da asistencia sanitaria. En todo caso, estes importes serán reintegrados posteriormente.
- D) É o equivalente a un seguro de viaxe.

**27. A Lei de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais ( LOPDGDD) de 2018 considera datos de risco elevado:**

- A) Datos de saúde.
- B) Nome.
- C) Correo electrónico.
- D) As tres son correctas.

**28. Cal dos seguintes é un modelo válido para medir a calidade nun Servizo de Admisión e Documentación Clínica?**

- A) Modelo ISO.
- B) Modelo EFQM.
- C) Os dous son válidos.
- D) Ningún é válido.

**29. As vías rápidas:**

- A) Creáronse para diagnosticar procesos malignos de baixa frecuencia.
- B) Buscan neoplasias nas que un tratamento precoz mellora o pronóstico.
- C) Inclúen procesos benignos de moita prevalencia.
- D) Son correctas A e B.

**30. Sinale a resposta falsa:**

- A) A UCH ou unidade de complexidade hospitalaria permite medir o case-mix hospitalario.
- B) En Galicia usáronse as UPH ou unidades de produción hospitalaria.
- C) Para o cálculo das UPH úsanse os GRD ou grupos relacionados co diagnóstico.
- D) Para o cálculo das UPH multiplícase o peso do GRD polo número de estadías.

**31. Segundo o recollido no Decreto 52/2001, do 22 de febreiro, polo que se regula a acreditación dos centros hospitalarios da Comunidade Autónoma de Galicia:**

- A) A Comisión de Acreditación Hospitalaria, tras a valoración dos informes técnicos emitidos, outorgará ou non a acreditación solicitada mediante resolución motivada.
- B) A acreditación poderá outorgarse ata un período máximo de 10 anos, suxeita durante o devandito período ás verificacións que por parte da autoridade sanitaria se consideren oportunas.
- C) A acreditación e a consecuente inscrición no rexistro de centros hospitalarios acreditados deberá ser obxecto de renovación cada 10 anos.
- D) A proposta da Comisión de Acreditación, poderase outorgar acreditación provisional por período inferior a catro anos.

**32. Cal dos seguintes NON é un atributo fundamental da CIE-10 ES Procedementos?**

- A) Estrutura multiaxial.
- B) Exhaustividade.
- C) Expansibilidade.
- D) Lateralidade.

**33. Os servizos contidos na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde considéranse necesarios para levar a cabo unha atención sanitaria (sinale a resposta incorrecta):**

- A) Integral.
- B) Continuada.
- C) Sostible.
- D) Adecuada.

**34. As persoas estranxeiras non rexistradas nin autorizadas como residentes en España, que se atopen en Galicia e que non teñan nin poidan ter asistencia sanitaria pública polas vías regulamentarias en España, recibirán asistencia sanitaria por parte do Sergas en determinadas circunstancias. Sinale a resposta correcta:**

- A) De urxencia por enfermidade grave ou accidente, pero non a actividade programada derivada desta urxencia ou enfermidade.
- B) De asistencia no embarazo, parto e posparto.
- C) Estranxeiros menores de 21 anos nas mesmas condicións que os galegos.
- D) B e C son certas.

**35. De que factores dependen as dimensións dun arquivo de historias clínicas:**

- A) Da taxa de crecemento anual da área de arquivo.
- B) Da determinación de pasivos.
- C) Do sistema de arquivo elixido.
- D) Todas as respostas son correctas.

36. Sinale a que órgano da Consellería de Sanidade está adscrito o Rexistro Galego de Instrucións Previas:

- A) Servizo Galego de Saúde.
- B) Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais.
- C) Secretaría Xeral Técnica.
- D) Todas son falsas.

37. Son ambulancias asistenciais:

- A) As ambulancias de clase B.
- B) As ambulancias de clase A1 e de clase A2.
- C) As ambulancias de clase A2, de clase B e de clase C.
- D) As ambulancias de clase B e de clase C.

38. Cal dos seguintes atributos dun indicador responde mellor ao grao en que este é capaz de identificar só aqueles casos nos que existen problemas reais de calidade asistencial?

- A) Sensibilidade.
- B) Especificidade.
- C) Validez.
- D) Fiabilidade.

39. O responsable último da xestión da lista de espera cirúrxica a nivel "Centro" é:

- A) O equipo directivo do hospital.
- B) Os servizos cirúrxicos.
- C) O Servizo de Anestesia.
- D) O Servizo de Admisión.

40. Sobre o concepto de primeiras consultas, é certo que:

- A) Se o petionario é alleo ao hospital (atención primaria, outro hospital ou outro centro) é primeira.
- B) Se o petionario é do propio centro non é primeira.
- C) A realizada a pacientes xa vistos en consultas nese GNA que suceden a unha consulta de alta nese GNA sen ningunha programación non é primeira.
- D) O indicador "porcentaxe de consultas de alta de enfermidade" calcúlase sobre as altas de primeiras consultas.

41. Á hora de asignar cama a unha solicitude de ingreso o Servizo de Admisión terá en conta:

- A) A situación clínica e o nivel de cuidados requiridos polo paciente.
- B) A priorización no uso das camas dispoñibles.
- C) As recomendacións do médico solicitante do ingreso.
- D) Todas as respostas son correctas.

42. No momento de dixitalizar historias clínicas, que documentos se deben conservar no seu formato orixinal?

- A) Os informes de alta de hospitalización.
- B) Os consentimentos informados.
- C) Os informes de necropsias.
- D) Ningún deles.

**43. Sinale a resposta correcta:**

- A) O número de historia clínica de cada paciente é o mesmo en todo o Sergas.
- B) O NASI é único para todo o Sistema Nacional de Saúde.
- C) Un mesmo NASI pode ser de distintos pacientes en distintas áreas sanitarias.
- D) O NASI debe ser único para cada usuario no territorio Sergas.

**44. Respecto ás axendas dinámicas nos hospitais do Servizo Galego de saúde, é falso que:**

- A) As axendas dinámicas son aquelas que permiten rexistrar con carácter inmediato cada petición de consulta ou proba.
- B) O rexistro da petición e o establecemento da data de cita realízase no mesmo momento.
- C) Son un instrumento de apoio para a xestión de pacientes en ausencia temporal de recursos asistenciais.
- D) O seguimento e avaliación do funcionamento das axendas dinámicas será realizado pola Dirección/Xerencia do centro.

**45. En relación aos criterios de acreditación da Área de Admisión recollidos no Decreto 52/2001, do 22 de febreiro, polo que se regula a acreditación dos centros hospitalarios da Comunidade Autónoma de Galicia:**

- A) O hospital dispón dunha área de admisión, organizada en función das súas necesidades administrativas e asistenciais.
- B) A área de admisión dispón da localización, instalacións e recursos materiais e humanos máis apropiados para o cumprimento das súas funcións.
- C) A área de admisión realiza as súas actividades garantindo a súa calidade e adecuación á mellora continua da satisfacción dos pacientes e ás necesidades do hospital.
- D) Todas as respostas son verdadeiras.

**46. Sinale a resposta falsa. O Servizo de Admisión debe:**

- A) Xestionar os ingresos programados.
- B) Contratar o transporte sanitario do centro.
- C) Organizar e xestionar as axendas de consulta.
- D) Colaborar na recollida de datos para facturación.

**47. Sinale a resposta correcta en relación ao parte de lesións:**

- A) Hai unha plantilla dispoñible en IANUS.
- B) É preciso imprimir sempre dúas copias.
- C) É obrigatorio facer unha valoración do pronóstico.
- D) Todas son correctas.

**48. Segundo a Orde do 19 de maio de 2003 pola que se normaliza o sistema de información e control da demanda de actividade programada de hospitalización, cirurxía e salas na rede de hospitais do Servizo Galego de Saúde, a folla de inclusión no rexistro de pacientes en espera constará de tres exemplares, un para o paciente, outro para o Servizo de Admisión e outro para a Historia Clínica. Sinala a resposta correcta:**

- A) Só o facultativo prescriptor é responsable de entregar ao paciente o seu exemplar, debidamente asinado, cuberto e lexible.
- B) O Servizo de Admisión recibirá o seu exemplar de folla directamente desde o Servizo prescriptor ou tamien do propio paciente.
- C) Tanto o facultativo prescriptor como o Servizo de Admisión poden entregar ao paciente o seu exemplar en función dos circuitos de circulación de pacientes existentes en cada Hospital.
- D) Son correctas B e C.

**49. En relación á Historia Clínica Dixital do Sistema Nacional de Saúde (HCDSNS):**

- A) O almacenamento dos contidos primarios está centralizado nos servidores do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social.
- B) Permite acceder a toda a documentación clínica, xerada en calquera Servizo de Saúde do SNS, garantindo que poda ser consultada cando os cidadáns requiran atención sanitaria nos seus desprazamentos polo territorio nacional.
- C) Poden acceder á HCDSNS todos os profesionais sanitarios.
- D) O acceso dos profesionais sanitarios queda restrinxido a fins exclusivamente asistenciais.

**50. Segundo o procedemento para a xestión da segunda opinión médica no Sistema Público de Saúde de Galicia regulado pola Instrución 006/15:**

- A) Os encargados da xestión da solicitude de Segunda Opinión Médica serán o persoal dos Servizos de Admisión do centro hospitalario de referencia do paciente. Prazo de resolución 15 días hábiles desde a data de solicitude.
- B) O dereito a segunda opinión poderase exercer tantas veces como se considere oportuno en cada proceso asistencial.
- C) O prazo para a emisión de informe de segunda opinión médica por parte do facultativo elixido para a segunda opinión médica será de 15 días hábiles.
- D) As resolucións non favorables de solicitudes de segunda opinión médica, estarán suficientemente motivadas e asinadas pola persoa titular da xerencia do Servizo Galego de Saúde.

**51. Cal dos seguintes é un indicador de control do proceso de préstamo de historias clínicas?**

- A) Índice de devolución de historias clínicas prestadas.
- B) Índice de erros de localización.
- C) Índice de eficacia no arquivado de historias clínicas.
- D) Índice de rendibilidade do arquivo de historias clínicas.

**52. En relación á remisión de pacientes a centros sanitarios privados non concertados, todas as afirmacións son verdadeiras EXCEPTO unha:**

- A) A autorización ou denegación corresponderalle ao director/a xerente da Área Sanitaria.
- B) Os procedementos que se deriven deberán estar incluídos na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde.
- C) A concesión de autorización para a utilización de servizos sanitarios alleos, non concertados, revestirá carácter excepcional.
- D) O facultativo responsable do paciente fará a proposta do procedemento a realizar e do centro ou centros sanitarios aos que se deriva o paciente.

**53. Sinale a resposta correcta en relación cos Acordos de Xestión:**

- A) Asinan o acordo de xestión o xerente do Servizo Galego de Saúde en representación do organismo e o director de xestión da área sanitaria en representación desta.
- B) Asinan o acordo de xestión o xerente do Servizo Galego de Saúde en representación do organismo e o xerente da área sanitaria en representación desta.
- C) Asinan o acordo de xestión o conselleiro de Sanidade en representación do Servizo Galego de Saúde e o xerente da área sanitaria en representación desta.
- D) Asinan o acordo de xestión o director xeral de Asistencia Sanitaria en representación do Servizo Galego de Saúde e o director asistencial en representación da área sanitaria.

**54. A categoría de médico de admisión e documentación clínica creouse para o ámbito de:**

- A) Institucións sanitarias de Saúde Pública.
- B) Institucións sanitarias de Atención Hospitalaria.
- C) Institucións sanitarias de Atención Primaria.
- D) As respostas B e C son correctas.

**55. Sinale a resposta correcta en relación coa estrutura da Clasificación Internacional da Atención Primaria (CIAP-2):**

- A) Baséase en códigos alfanuméricos de tres caracteres, ampliables se se considera necesario.
- B) O primeiro carácter é unha letra que representa un problema de saúde.
- C) Contén 10 capítulos.
- D) Dentro de cada capítulo, inclúe cinco grupos de compoñentes.

**56. O Rexistro de Actividade de Atención Sanitaria Especializada (RAE - CMBD) non inclúe unha das seguintes variables:**

- A) País de nacemento.
- B) Código de identificación persoal.
- C) Réxime de financiación.
- D) Todas son variables incluídas.

**57. Cal das seguintes afirmacións con respecto aos Servizos de Admisión e Documentación Clínica é falsa:**

- A) Son servizos multidisciplinares con profesionais sanitarios e non sanitarios de distintas categorías e estamentos.
- B) Son a estrutura de apoio no hospital para facilitar a ordenación e coordinación das actividades ao redor da asistencia médica.
- C) As súas funcións organízanse en dúas seccións principais: xestión de pacientes e xestión de documentación clínica.
- D) Como servizo médico integrado no organigrama do hospital debe estar dirixido por un médico con formación nesta disciplina.

**58. Que indica o primeiro carácter nos códigos CIE 10 ES de procedementos?**

- A) Sección.
- B) Abordaxe.
- C) Sistema Orgánico.
- D) Tipo de Procedemento.

**59. No Decreto 29/2009 polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica sinálase que:**

- A) Os principios xerais a ter en conta para a regulación nesta materia son dous: o principio de vinculación asistencial co paciente e o principio de proporcionalidade.
- B) Os profesionais que, de acordo coas súas funcións, precisen acceder aos datos de módulos de especial custodia, serán advertidos polo sistema IANUS desta circunstancia.
- C) O acceso á historia clínica electrónica por parte dos médicos internos residentes ou alumnos de grao de titulacións sanitarias, con finalidade docente, requerirá a autorización do titor responsable da súa formación.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**60. Segundo a Orde do 13 de xullo de 2004 pola que se normaliza o sistema de información e control da demanda de actividade programada de consultas externas médicas na rede de hospitais do Servizo Galego de Saúde, os criterios de prioridade para prestar atención serán establecidos polo médico prescriptor distinguíndose os seguintes tipos de prioridade para consulta externa:**

- A) Prioridade preferente e prioridade normal.
- B) Prioridade urxente, prioridade preferente e prioridade normal.
- C) Prioridade 1, 2 e 3.
- D) Prioridade 1 e 2.

**61. Sinale a resposta falsa respecto a a Comisión Central de Documentación Clínica para IANUS:**

- A) Reúnense como mínimo 4 veces ao ano.
- B) Ten como función supervisar, aprobar ou denegar no seu caso as solicitudes de incorporación de plantillas e documentos externos na estrutura da historia clínica electrónica IANUS.
- C) As peticións de incorporación de persoais pódeas realizar calquera usuario de IANUS directamente á Comisión.
- D) Para aceptar a solicitude debe remitirse polo menos un exemplo significativo.

**62. Sinale a resposta FALSA en relación co dereito a dispoñer dunha segunda opinión médica no Sistema Público de Saúde de Galicia:**

- A) O dereito a segunda opinión médica poderán exercelo todos os usuarios legalmente capacitados e individualmente considerados desde os 16 anos de idade.
- B) A garantía de segunda opinión será aplicable á confirmación de diagnósticos de enfermidade rara, tendo esta consideración aquela patoloxía con perigo de morte ou invalidez crónica e baixa prevalencia, entendida como aquela inferior a cincocentos casos por dez mil habitantes.
- C) Só en circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas, o Servizo Galego de Saúde poderá facilitar a obtención dunha segunda opinión médica nun centro público doutra comunidade autónoma.
- D) O dereito a unha segunda opinión médica só se poderá exercer unha vez en cada proceso asistencial e co único obxecto de contrastar un primeiro diagnóstico completo ou unha indicación terapéutica.

**63. Sinale a resposta incorrecta. Entre as normas xerais de indexación:**

- A) O documento deberá indexarse sempre que sexa posible dentro do episodio de atención no que se xerou.
- B) O resultado dunha proba ou estudo solicitado durante un episodio asistencial do Servizo Galego de Saúde nun centro externo, indexarase dentro do episodio tipificado como documento interno do Sergas.
- C) No caso de documentación que reflecta varias datas, indexaranse a nivel de servizo de consultas externas ou no episodio de hospitalización/urxencias que corresponda.
- D) O responsable do documento debe ser rexistrado como un metadato máis na indexación.

**64. O tipo de rexistro normalizado de pacientes en espera de atención programada para "Procedemento ambulatorio en sala especial", segundo o anexo II da Orde do 19 de maio de 2003 da Consellería de Sanidade, inclúe:**

- A) Pacientes que precisan a realización dun procedemento en quirofanillo (cirúrxico) ou quirófano (cirúrxico) ou unha sala de braquiterapia, de radioloxía, de cardioloxía, radioterapia ou de medicina nuclear para o que non é necesario programar ingreso no hospital.
- B) Pacientes que necesitan unha endoscopia e que non é necesario programar ingreso no hospital.
- C) Pacientes que necesitan unha intervención de cirurxía menor indicada por un facultativo para o que non necesita ingreso no hospital.
- D) Ningunha é correcta.

**65. A tarxeta sanitaria AA é unha tarxeta especial que:**

- A) Responde ás siglas Autismo e Alzheimer.
- B) Responde as siglas de accesibilidade e acompañamento.
- C) Con esta tarxeta actívase un protocolo de acollida especial (Protocolo AA) que dá accesibilidade preferente na actividade programada, pero non na urxente.
- D) Todas son falsas.

**66. A diferenza entre los AP-GRD e os APR-GRD Está en:**

- A) Os AP-GRD só usan CIE-9.
- B) Os APR-GRD incorporan graos de severidade.
- C) As dúas primeiras son correctas.
- D) Todas son falsas.

**67. Sinale a afirmación correcta con respecto aos sistemas de clasificación de pacientes RUG (Grupos de utilización de recursos):**

- A) A primeira versión dos RUG clasifica aos pacientes en 10 grupos.
- B) O RUG-II mantén os 10 grupos iniciais.
- C) O RUG-III consta de 44 grupos iso-custo.
- D) O RUG-T18 aumenta os grupos a 18.

**68. Defínense como camas instaladas:**

- A) As camas funcionantes.
- B) As camas funcionantes e as camas inhabilitadas.
- C) As camas funcionantes e as camas habilitadas ou sobre aforo.
- D) As camas funcionantes, as camas habilitadas ou sobre aforo e as camas inhabilitadas.

**69. En relación aos sistemas de ordenación e clasificación de historias clínicas nun arquivo sinale cal das seguintes afirmacións é falsa:**

- A) Os sistemas de clasificación dan mellores resultados que os de ordenación.
- B) A ordenación é en niveis e bidimensional e a clasificación é lineal e unidimensional.
- C) Pódese introducir unha ordenación dentro dunha clasificación e viceversa.
- D) As clasificacións de dobre ou triplo dígito terminal son clasificacións numéricas.

**70. No Real Decreto 605/2003, do 23 de maio, polo que se establecen medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listas de espera no Sistema Nacional de Saúde, establécense as prioridades para unha indicación cirúrxica. Sinale cal das seguintes afirmacións é VERDADEIRA:**

- A) Prioridade 1: pacientes cuxo tratamento cirúrxico, sendo programable, recoméndase realizar nun prazo inferior a 30 días.
- B) Prioridade 2: pacientes cuxa situación clínica ou social admite unha demora relativa, sendo recomendable a intervención nun prazo inferior a 90 días.
- C) Prioridade 2: pacientes cuxa situación clínica ou social admite unha demora relativa, sendo recomendable a intervención nun prazo inferior a 60 días.
- D) Prioridade 2: pacientes cuxa situación clínica ou social admite unha demora relativa, non admitindo una demora superior a 90 días.

**71. Sinale a resposta falsa en relación á Comisión de Consentimento Informado da Consellería de Sanidade.**

- A) A composición da Comisión de Consentimento Informado será determinada por decreto da Xunta de Galicia.
- B) Entre as súas funcións están: valoración, selección e expurgación da documentación clínica.
- C) A Comisión de Consentimento Informado reunirase, polo menos, unha vez ao mes.
- D) A Comisión de Consentimento Informado reunirase sempre que a convoque o seu presidente.

**72. Son características básicas do esquema de clasificación de pacientes por GRD:**

- A) Número manexable de GRDs que englobe a todos os episodios de hospitalización.
- B) Patrón similar e consumo de recursos.
- C) Coherencia clínica.
- D) Todas son certas.

**73. Cal das seguintes NON é unha das modalidades asistenciais recollidas no Rexistro de Actividade de Atención Sanitaria Especializada regulado polo Real Decreto 69/2015, do 6 de febreiro:**

- A) Hospital de día médico.
- B) Urxencias.
- C) Cirurxía ambulatoria.
- D) Consultas externas.

**74. As tipoloxías documentais:**

- A) Son definidas pola Comisión de Historias Clínicas de cada área sanitaria.
- B) Son definidas polo Ministerio de Sanidade.
- C) Son definidas pola dirección de cada centro.
- D) Ningunha é correcta.

**75. As auditorías de codificación:**

- A) Pódense realizar a través do SIAC.
- B) Enviase un informe diario desde a unidade central de codificación do Sergas a cada unidade de codificación hospitalaria.
- C) Fanse só ao peche de cada ano.
- D) A e C son correctas.

**76. A conformidade libre, voluntaria e consciente dun paciente, manifestada no pleno uso das súas facultades despois de recibir a información adecuada, para que teña lugar unha actuación que afecta á súa saúde, chámase:**

- A) Declaración obrigatoria de enfermidade.
- B) Testamento vital.
- C) Consentimento informado.
- D) Documento de vontades anticipadas.

**77. Respecto aos ADX (Acordos de Xestión) é certo que:**

- A) Os ADX son un instrumento que permite comparar distintas áreas sanitarias para conseguir as mellores prácticas.
- B) Todos os servizos e profesionais serán avaliados con independencia de que se firme ou non o acordo de xestión.
- C) No Acordo de Xestión veñen recollidas as liñas estratéxicas, os obxectivos e os indicadores pactados que permitirán monitorar a actividade realizada en cada área.
- D) Todas son certas.

**78. Coa entrada en vigor da Lei Orgánica 1/2015, de reforma do Código Penal, fíxose innecesaria a remisión de parte de lesións ao Xulgado nos seguintes casos:**

- A) Intoxicación/sospeita de envelenamento.
- B) Agresión a un menor.
- C) Accidente de tráfico.
- D) Agresión con lesións que requiran tratamento médico ou cirúrxico.

**79. Atendendo ao disposto no Real Decreto 81/2014, do 7 de febreiro, polo que se establecen normas para garantir a asistencia sanitaria transfronteiriza, cal das seguintes prestacións sanitarias NON está sometida a autorización previa?**

- A) Reprodución humana asistida.
- B) Diálise.
- C) Cirurxía maior ambulatoria que non require a utilización dun implante cirúrxico.
- D) Tratamentos farmacolóxicos ou con produtos biolóxicos, cuxo importe mensual sexa superior a 1.500 €.

**80. Sinale cales das seguintes aplicacións informáticas empréganse nos Servizos de Urxencias dos hospitais do Sergas:**

- A) SAVAQ
- B) SIGUR
- C) XEDOC
- D) Todas as anteriores.

**81. Cal dos seguintes pacientes non poderá beneficiarse da modalidade asistencial HADO (Hospitalización a domicilio)?**

- A) Pacientes crónicos complexos con reagudización da súa enfermidade.
- B) Pacientes que requiren curas complexas, por exemplo curas con sistema sen carga.
- C) Pacientes estables cun proceso infeccioso que necesiten antibioterapia intravenosa de uso hospitalario.
- D) Todos estes pacientes poden beneficiarse de HADO.

**82. Os accesos á historia clínica dun paciente deben quedar rexistrados, agás no caso de:**

- A) Investigación policial.
- B) Labores de informática.
- C) Labores de Inspección Sanitaria debidamente acreditada.
- D) Sempre debe quedar rexistro.

**83. Segundo o establecido no capítulo V da Ley 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, o documento de instrucións previas poderá formalizarse por escrito mediante un dos seguintes procedementos:**

- A) Ante notario. Neste suposto será necesaria a presenza de testemuñas.
- B) Ante tres testemuñas, maiores de idade con plena capacidade de obrar, ningunha das cales poderá ter relación de parentesco ata o segundo grao nin estar vinculadas por relación patrimonial co outorgante.
- C) Ante o persoal do Rexistro Galego de Instrucións Previas, nas condicións que se establezan regulamentariamente.
- D) Ante o director xerente da área sanitaria. Neste suposto será necesaria a presenza de testemuñas.

**84. A normalización da información clínico–asistencial é un obxectivo estratéxico do Servizo Galego de Saúde. Os sistemas de información deben contar para iso cun rexistro de actividade clínica e actividade asistencial estruturada e normalizada. Neste contexto, é certo que:**

- A) A HCE do Servizo Galego de Saúde normaliza a información clínica coa integración dos sistemas de clasificación internacionalmente aceptados e establecidos para o rexistro dos problemas de saúde ou procesos de enfermidade ( CIE 10, CIAP2, SNOMED...)
- B) O instrumento co que o Sergas clasifica o conxunto de actividades diagnósticas e/ou terapéuticas é o Catálogo de Procedementos Normalizado ou CAPNOR.
- C) A identificación con CAPNOR das actividades asistenciais permite comparar resultados nos distintos centros da rede pública e difundir indicadores de calidade.
- D) Todas son certas.

**85. O Decreto 29/2009, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica, establece, en relación ao acceso por profesionais sanitarios de centros, servizos e establecementos concertados para a prestación de servizos, que:**

- A) Os centros concertados incorporarán á historia clínica electrónica a documentación clínica xerada pola asistencia sanitaria prestada.
- B) O acceso estará limitado ao marco temporal que dure a atención dos pacientes ou usuarios remitidos ao centro concertado por un centro sanitario do Servizo Galego de Saúde.
- C) Os profesionais sanitarios dos centros concertados requirirán acreditación previa de cumprimento das exixencias contidas na normativa de protección de datos persoais.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**86. Cal dos seguintes universos NON existe no sistema de Información e análise complexa (SIAC) que se emprega no Servizo Galego de Saúde?**

- A) SIAC–CIR\_Cirurgía.
- B) SIAC–PAC\_Puntos de Atención Continuada.
- C) SIAC–URX\_Urxencias.
- D) SIAC–CPT\_ Consultas, Probas e Tratamentos.

**87. Cada canto tempo se actualiza SNOMED CT?**

- A) A Edición Internacional actualízase dúas veces ao ano, e publícase nas edicións de xaneiro e xullo.
- B) A Edición Internacional actualízase cada dous anos, e publícase nas edicións de xaneiro e xullo.
- C) A Edición Internacional actualízase dúas veces ao ano, e publícase nas edicións de marzo e setembro.
- D) A Edición Internacional actualízase cada dous anos, e publícase nas edicións de marzo e setembro.

**88. Que letras NON se empregan en CIE–10–ES Procedementos?**

- A) S e X.
- B) I e O.
- C) O e S.
- D) E e T.

**89. Sobre os indicadores de actividade asistencial non é certo que:**

- A) Son unha ferramenta de xestión para a avaliación da actividade e casuística dun centro.
- B) Os indicadores de actividade dos centros poden utilizarse para unha comparación externa con outros centros de características similares, pero non permiten unha comparación interna co propio centro.
- C) A maior parte deles dispón dunha definición regulada por normas internas ou mesmo por lexislación oficial.
- D) Deben presentar unha homoxeneidade total para garantir a fiabilidade da avaliación.

**90. Cal do seguintes CIP (número de identificación persoal) de tarxeta sanitaria sería correcto para o asegurado SERAFIN FEIJOO COUSO, nacido o 17 de agosto de 1962 e sendo o 013 un código interno do centro?**

- A) 620817FECO1013.
- B) 170862FECO0013.
- C) 620817FCEO1013.
- D) 620817FCEO0013.

**91. A anulación dunha consulta por causa "éxitus":**

- A) Anula todas as consultas pendentes do paciente.
- B) Avisa cunha advertencia do tipo "está vostede seguro...".
- C) Unha vez feito non se pode volver atrás.
- D) Son correctas A e B.

**92. Cando un usuario non realice elección de médico de familia, pediatra ou persoal de enfermaría, o Servizo Galego de Saúde será o encargado de realizar a asignación dos profesionais, tendo en conta os seguintes criterios:**

- A) Mantemento das agrupacións familiares ou asimiladas.
- B) Mantemento de distribucións etarias de carácter homoxéneo.
- C) Usuarios asignados a cada profesional sanitario no centro de saúde máis próximo ao domicilio do usuario.
- D) Todas as respostas son verdadeiras.

**93. Sinale a resposta correcta:**

- A) Desde o 16 de marzo de 2016 a clasificación CIE 10 ES substitúe en España á CIE-9-MC.
- B) A CIE 10 ES editase en 5 volumes.
- C) Os códigos da CIE 10 ES Procedementos constrúense a partir de compoñentes de codificación (valores) flexibles, mediante o uso de táboas.
- D) A CIE 10 ES Diagnósticos atópase dividida en: Índice de Enfermidades e Índice de Causas Externas.

**94. Na Historia Clínica Dixital do Sistema Nacional de Saúde (HCDSNS) existen 9 tipos de documentos. Entre estes NON está incluído:**

- A) Informe Clínico de Urgencias.
- B) Informe do comité de ética.
- C) Historia Clínica Resumida.
- D) Informe de Coidados de Enfermería.

**95. A aplicación TSNUX:**

- A) Dá soporte unicamente ao transporte convencional programado e ao transporte hospitalario dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) Pódese acceder á aplicación desde IANUS.
- C) Non permite a prescrición de traslados urxentes.
- D) Todas as respostas son correctas.

**96. Sinale a resposta verdadeira sobre os criterios de inclusión e rexistro en lista de espera cirúrxica:**

- A) Os procesos bilaterais con resolución nun único tempo incluíranse como procesos independentes cunha mesma data de inclusión e mesma data de saída do rexistro de lista de espera.
- B) Nos procesos bilaterais que van ser intervidos en dous tempos cirúrxicos diferentes procederase con cada un deles como procesos independentes cunha mesma data de inclusión e distinta data de saída do rexistro.
- C) Naqueles pacientes nos que estea prevista a realización de máis dun procedemento cirúrxico nun único tempo, levarase a cabo un único rexistro de lista de espera cirúrxica, sendo a orde de codificación acorde á complexidade dos procedementos.
- D) Os segundos tempos de intervención cirúrxica que precisen un tempo de espera predeterminado, deben ser incluídos no momento que se produce a saída do rexistro da primeira intervención pasando a situación de transitoriamente non programable.

**97. Son situacións que afectan ao indicador "estadía media":**

- A) Tipo de ingreso, programado ou urxente.
- B) Complexidade da casuística atendida.
- C) Idade.
- D) Todas son variables influíntes.

**98. Segundo o artigo 4º da Orde de 13 de Xullo de 2004 da Consellería de Sanidade, cada episodio do rexistro terá un único motivo de entrada e de saída. Non é un motivo de saída do rexistro de pacientes en espera:**

- A) Fallo da consulta.
- B) Consulta anulada.
- C) Consulta reprogramada.
- D) Todas as anteriores son motivo de saída do rexistro.

**99. Sinale a resposta verdadeira en relación co desprazamento dun paciente con asistencia sanitaria a cargo do Servizo Galego de Saúde para recibir asistencia sanitaria programada nun centro público doutra comunidade autónoma:**

- A) A derivación realizarase independentemente de que o procedemento se realice nun hospital do Servizo Galego de Saúde.
- B) As solicitudes deberán mecanizarse e tramitarse a través do aplicativo informático SIGAP.
- C) A solicitude de derivación deberá ser efectuada desde o Servizo de Admisión, tan só unha vez esta sexa autorizada pola persoa titular da Dirección Xeral de Asistencia sanitaria.
- D) No caso de que o desprazamento do paciente precise transporte sanitario, este continuarase prestando no modo en que se vén realizando na actualidade.

**100. A Lei 8/2008 de saúde de Galicia reconece os seguintes dereitos relacionados coa autonomía de decisión, agás:**

- A) Dereito á libre elección entre as opcións que lle presente o responsable médico do seu caso.
- B) Dereito a que se solicite consentimento informado nos termos establecidos pola lei.
- C) Dereito a dispor dos tecidos e das mostras biolóxicas que proveñen de biopsias ou extraccións no seu proceso asistencial, coa finalidade de acadar unha segunda opinión médica e garantir a continuidade asistencial.
- D) Dereito a acceder á súa historia clínica e a obter os informes e os resultados das exploracións que sobre o seu estado de saúde ou enfermidade se inclúan nela.

#### Preguntas de reserva

**1. A Orde do 13 de maio de 2005, pola que se modifica outra do 19 de maio de 2003, establece as causas e circunstancias xustificadas para non acudir ou atrasar unha intervención. Sinala a resposta correcta en canto aos prazos contemplados nesta Orde segundo a causa xustificada da que se trate.**

- A) Nacemento dun fillo, neto, ou adopción: 1 mes.
- B) Matrimonio: 15 días naturais.
- C) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar: 1 mes.
- D) Cumprimento dun deber inescusable de carácter persoal: 15 días naturais.

**2. Entre os órganos centrais da Consellería de Sanidade está:**

- A) Dirección Xeral de Recursos Humanos.
- B) Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
- C) Dirección Xeral de Saúde Pública.
- D) Dirección Xeral de Recursos Económicos.

**3. O documento de alta voluntaria:**

- A) Debe ser asinado polo paciente cando non desexe a continuidade do tratamento que se lle dispensa.
- B) Conservarse, como mínimo, ata que transcorran 5 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- C) A súa firma é un dereito establecido pola Lei 3/2001 reguladora do consentimento informado e da historia clínica.
- D) Todas as respostas son correctas.

**4. Considéranse erros de localización nun arquivo de historias clínicas:**

- A) As historias clínicas en depósito mal arquivadas.
- B) As historias clínicas que figuran como prestadas e están no arquivo.
- C) As historias clínicas que figuran no arquivo e están prestadas.
- D) Todos os anteriores son erros de localización.

**5. Na CIE 10 ES, a lista tabular de enfermidades (L.T.) divídese en:**

- A) Apartados, apéndices e códigos.
- B) Seccións, subseccións e códigos.
- C) Categorias, subcategorias e códigos.
- D) Categorias, clasificacións e códigos.

**6. A área de documentación clínica é responsable de:**

- A) Definir os tipos documentais.
- B) Manter os documentos nos seus formatos orixinais.
- C) Ordenar os documentos da historia clínica.
- D) Ningunha é correcta.

**7. TELEA é a plataforma de teleasistencia domiciliaria que o Sergas pon ao dispor dos pacientes crónicos. Sinala a resposta correcta:**

- A) Mellora o seguimento terapéutico.
- B) Permite o control clínico desde o domicilio.
- C) Permite realizar televisitas.
- D) Todas son certas.

**8. Non se atopa entre os principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia:**

- A) A integración funcional de todos os recursos sanitarios públicos e privados, coa aposta por fórmulas colaborativas en lugar de fórmulas competitivas.
- B) A promoción da equidade e do equilibrio territorial no acceso e na prestación dos servizos sanitarios.
- C) A información sobre as formas de vida saudables, os recursos e os servizos existentes.
- D) A cooperación intersectorial como elemento de cohesión das políticas de todos os sectores con responsabilidades sobre a saúde.

**9. Sinala a resposta FALSA, segundo o establecido no procedemento para a derivación de pacientes entre distintas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (na actualidade, áreas sanitarias):**

- A) No caso de pacientes ingresados no hospital, o servizo de admisión do hospital que solicita a derivación porase en contacto co servizo de admisión do hospital de referencia, que responderá a solicitude nun prazo inferior a 24 horas.
- B) No caso de pacientes ambulatorios, o servizo de admisión do hospital que solicita a derivación porase en contacto co servizo de admisión do hospital de referencia, que responderá nun prazo inferior ás 72 horas.
- C) En calquera caso, as decisións relativas aos pacientes que requiran unha atención urxente, deberán quedar resoltas nun prazo de 24 horas.
- D) Os prazos de tempo recollidos nas respostas anteriores son para facer efectivo o traslado, que se fixará tendo en conta todas as circunstancias do paciente.

**10. Cantos caracteres ten en CIE-10-ES o código dun procedemento?**

- A) De 3 a 7.
- B) Sempre 7.
- C) De 5 a 7.
- D) Sempre 3.